

O MELLOR DE 2012

Por [A Cuarta Parede](#) Publicado o 11/01/2013

De limusinas e outras bestas

Os mellores filmes de 2012 son, coma case sempre, os que iremos vendo ao longo deste novo ano: moitos veñen de chegar ás salas comerciais, algún aínda resiste nelas logo de varios meses e a gran maioría aínda está por descubrir, xa sexa a través da rede, dos festivais, das filmotecas ou directamente no mercado de DVD. Malia que non todos acadaron a máxima puntuación á que poderían chegar por falta de visibilidade, a nosa listaxe comeza cunha triada ben consolidada: **Tabu** (Miguel Gomes, 2012), **Leviathan** (Lucien Castaing-Taylor & Véréna Paravel, 2012) e **Amour** (Michael Haneke, 2012) mereceron unha intensa busca e captura pola banda dos nosos colaboradores dende as súas respectivas estreas nos festivais de Berlín, Locarno e Cannes, e agora ocupan, cunha clara vantaxe, o máis alto do noso podio.

O triunfo de *Tabu* confirma ademais o excelente ano que viviu o cinema portugués: a este retrato dun país troikado en plena fuga imaxinaria cara un pasado que só os crocodilos semellan capaces de testemuñar súmaselle tamén **O Gebo e a sombra** (Manoel de Oliveira, 2012), a penúltima obra do decano da cinematografía veciña, que acadou nesta tempada nada menos que a quinta posición da nosa listaxe. Máis abaixo, o dúo formado por João Pedro Rodrigues e João Rui Guerra da Mata aparece até en tres ocasións con **A última vez que vi Macau** (João Pedro Rodrigues & João Rui Guerra da Mata, 2012), **O que arde cura** (João Rui Guerra da Mata, 2012) e **Manha de Santo António** (João Pedro Rodrigues, 2012), tres títulos que fan da necesidade a súa principal virtude para subsistir ante a ominosa fin das subvencións estatais. Pola súa banda, as mencións a **Reconversão** (Thom Andersen, 2012) e mais ás curtas de Pedro Costa e Aki Kaurismäki incluídas no filme colectivo **Centro Histórico** (Pedro Costa, Víctor Erice, Aki Kaurismäki e Manoel de Oliveira, 2012), sinalan o papel que tiveron dous eventos como o Festival de Vila do Conde e a capitalidade cultural de Guimarães (responsábeis respectivos de cada un destes filmes) para importar o talento estranxeiro e darlle pulo, ao mesmo tempo, á produción local. A presenza soterrada nas listaxes de títulos como **Linha Vermelha** (Luis Filipe Costa, 2012), **Torres & Cometas** (Gonçalo Tocha, 2012), **Estrada de Palha** (Rodrigo Areias, 2012), **A vingança de uma mulher** (Rita Acevedo Gomes, 2012) ou **O fantasma do Novais** (Margarida Gil, 2012) completan esta numerosa representación lusa á que hai que engadir tamén a nova montaxe de **Sangue do meu sangue** (João Canijo, 2011) e mesmo **Cosmopolis** (David Cronenberg, 2012), o enésimo invento do maior fervellasverzas do cinema europeo: unha vez máis, Paulo Branco, como non.

Precisamente neste ano de limusinas, o binomio de **Cosmopolis** e **Holy Motors** (Leos Carax, 2012) tampouco podía faltar na nosa escolma: as reflexións esquivas de Cronenberg sitúanse na novena posición, mentres que a creatividade efervescente de Carax elévase até a cuarta. Entre un título e outro, até o *mainstream* anglosaxón atopou o seu lugar: dunha banda, a sorprendente madurez do Axente 007 valeulle a sexta praza a **Skyfall** (Sam Mendes, 2012); e doutra, a perversión pop dunha recua de estrelas post-

adolescentes instalou a **Spring Breakers** (Harmony Korine, 2012) nunha desafiante oitava posición. O cinema estadounidense aínda colocou outro filme máis entre os dez primeiros: **Moonrise Kingdom** (Wes Anderson, 2012), outra fantasía retro-moderna na que Anderson segue a depurar as súas reviradas sagas familiares: resulta curioso que teña os mesmos puntos ca *Spring Breakers*, se ben cun voto máis, tendo en conta que tratan temas semellantes (as fugas adolescentes para descubrir a vida e as súas terribéis consecuencias) do xeito máis oposto posíbel (un actualiza o legado da *nouvelle vague* e outro pouco menos que dignifica os tropos de *Gandía Shore & Co*). Por último, o retorno inesperado dos irmáns Taviani coa ficción documentaría **Cesare deve morire** (Paolo e Vittorio Taviani, 2012) pecha o noso Top 10 e deixa fóra, por un só punto, ao drama húngaro **Csak a szél** (Benedek Fliegauf, 2012), que amplía a nosa listaxe cara o leste a falta de títulos asiáticos que fosen, se non mellores, cando menos máis vistos: os dous filmes orientais con máis votos da tempada, **In Another Country** (*Da-reun na-ra-e-seo*, Hong Sang-soo, 2012) e **Like Someone in Love** (Abbas Kiarostami, 2012), ficaron respectivamente nos postos 17 e 20 á espera, probabelmente, de atopar aos seus espectadores potenciais durante este 2013.

No entanto, o cinema estatal tivo a súa mellor baza en **Blancanieves** (Pablo Berger, 2012), unha revisión cinéfila e cinéfaga da española taurina que tamén estivo a piques de entrar entre os dez mellores filmes do ano. E camuflados nos postos intermedios de moitas listaxes, varios títulos galegos agromaron en pé de igualdade canda os grandes cabezolos do cinema mundial: **Arraianos** (Eloy Enciso, 2012), **Fóra** (Pablo Cayuela e Xan Gómez Viñas, 2012), **Montaña en sombra** (Lois Patiño, 2012), **Outrasvozes** (Alberte Pagán, 2012) e **Anacos** (Xacio Baño, 2012) son exemplos dunha creatividade perseverante que está a xurdir no peor dos escenarios, onde nin a crise, nin as maiorías absolutas, nin as profecías funestas foron quen de rematar con todos nós (por agora).

1. **Tabu** (Miguel Gomes), 76 puntos / 9 votos
2. **Leviathan** (Lucien Castaing-Taylor & Véréna Paravel), 51 / 8
3. **Amour** (Michael Haneke), 45 / 7
4. **Holy Motors** (Leos Carax), 35 / 5
5. **O Gebo e a sombra** (Manoel de Oliveira), 34 / 5
6. **Skyfall** (Sam Mendes), 28 / 5
7. **Moonrise Kingdom** (Wes Anderson), 23 / 5
8. **Spring Breakers** (Harmony Korine), 23 / 3
9. **Cosmopolis** (David Cronenberg), 22 / 3
10. **Cesare deve morire** (Paolo e Vittorio Taviani), 19 / 3
11. **Csak a szél – Just the Wind** (Benedek Fliegauf), 18 / 2
12. **Blancanieves** (Pablo Berger), 17 / 3
13. **L'âge atomique** (Hélène Klotz), 17 / 2
- **Sangue do meu Sangue** (João Canijo) [montaxe de 2012], 17 / 2
15. **Killing Them Softly** (Andrew Dominik), 16 / 4
- **A última vez que vi Macau** (João Pedro Rodrigues & João Rui Guerra da Mata), 16 / 4
17. **In Another Country** (Hong Sang-soo), 16 / 3
- **Vous n'avez encore rien vu** (Alain Resnais), 16 / 3
19. **Museum Hours** (Jem Cohen), 15 / 3
20. **Like Someone in Love** (Abbas Kiarostami), 14 / 3

A seguir, as listaxes individuais de tódolos colaboradores da revista que participaron nesta votación:

COLABORADORES

Julio Vilariño Cabezas

1. *Sangue do meu Sangue* (Joao Canijo) [montaxe 2012]
 - *Amour* (Michael Haneke)
 - *Autrement, la Molussie* (Nicolas Rey)
 - *Duquesne Whistle* (Nash Edgerton)
 - *O Gebo e a Sombra* (Manoel de Oliveira)
 - *Leviathan* (Lucien Castaing-Taylor, Verena Paravel)
 - *O Tasqueiro* (Aki Kaurismäki, dentro do filme colectivo *Centro Histórico*)
 - *Outrasvozes* (Alberte Pagán)
 - *Skyfall* (Sam Mendes)
 - *Vous n'avez encore rien vu* (Alain Resnais)
- Mención especial: *Holy Motors* (Leos Carax) directa ao -3 das peores películas da historia do cinema